

ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIMIANZO E O CONCELLO DE MUXÍA PARA O REFORZO DO SERVIZO CON POLICÍAS LOCAIS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE MUXÍA DURANTE AS CELEBRACIÓNS DO “XVI ASALTO AO CASTELO” O 1 DE XULLO DE 2023 E DURANTE A CELEBRACIÓN DE “SAN CRISTOVO DE CARNÉS” O 8 DE XULLO DE 2023.

En Vimianzo, a 27 de xuño de 2023

1. O sábado, 1 de xullo de 2023, tense previsto celebrar neste Concello o XVI Asalto ao Castelo, prevéndose unha gran afluencia de público.
2. O sábado, 8 de xullo de 2023, tense previsto celebrar neste Concello, a festa de San Cristovo de Carnés (Vimianzo), prevéndose, tamén, unha gran afluencia de público.
3. A dotación da policía local do Concello de Vimianzo circunstancialmente no día sinalado resulta insuficiente para a prestación dos servizos.
4. Prevese, con motivo destas celebracións, unha carga de traballo que non pode ser asumida cos efectivos existentes.
5. O artigo 6, apartado 3, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de Policía Local de Galicia, permite que, eventualmente, cando pola insuficiencia temporal dos servizos sexa necesario reforzar o cadro de persoal da policía local dalgún Concello, o seu alcalde poderá chegar a acordos con outros Concellos para que membros da policía destes últimos poidan actuar no ámbito territorial do solicitante, por tempo determinado e, se fora preciso, en réxime de comisión de servizo, aceptado voluntariamente polo funcionario. O apartado 4 do mencionado artigo sinala que en todo caso deberá darse conta dos acordos adoptados polos Concellos á Consellería competente en materia de seguridade, para a súa anotación no Rexistro de Policía Local de Galicia.

Con base nos antecedentes citados asínase este Convenio de colaboración entre D^a. Mónica Rodríguez Ordóñez, na súa calidade de Alcadesa-presidenta do Concello de Vimianzo, e D. Santiago M. Toba Campaña, Alcalde-presidente do Concello de Muxía, con suxeición ás seguintes CLÁUSULAS:

O Concello de Muxía comprométese a reforzar o corpo de policía do Concello de Vimianzo, con un efectivo do seu propio corpo de policía local, o cal acepta voluntariamente o ditos servizos, os días 1 de xullo de 2023 e 8 de xullo de 2023

O horario no que o dito funcionario prestará os seus servizos no Concello de Vimianzo será:

- Dende as 16:00 o 01/07/2023 ata 04:00 do 02/07/2023.
 - Dende as 20:00 o 08/07/2023 ata 04:00 do 09/07/2023.
3. O réxime no que tal funcionario se atopará durante a prestación do servizo será de Comisión de Servizos.
 4. O Concello de Vimianzo aboará ao Concello de Muxía a contía de 25,00 euros por hora de servizo efectivamente realizada, en concepto de gastos de persoal por este servizo, non podendo aboar cantidade algunha ao policía en servizo. O dito abono deberá ingresarse na



conta municipal cuxo número deberá facilitar o Concello de Muxía no prazo dun mes dende o remate dos citados servizos.

5. Posteriormente, o Concello de Muxía, ingresará ao policía a contía resultante da comisión de servizos efectuada.
6. O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio, na data e lugar indicados no encabezamento.

Polo Concello de Vimianzo
Asdo.: D^a. Mónica Rodríguez Ordóñez

Polo Concello de Muxía
Asdo.: D. Santiago M. Toba Campaña